



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Compensación das Desigualdades na Educación

Materia	Compensación das Desigualdades na Educación			
Código	O05M138V01105			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González Rodríguez, Rubén			
Profesorado	García Vázquez, Yolanda González Rodríguez, Rubén Rodríguez Enríquez, Mónica			
Correo-e	rubgonzalez@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/">http://http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/</a>			
Descrición xeral	<p>A presente materia vaixe a centrar nas compensacións das desigualdades na educación dende unha perspectiva multidisciplinar e dende diferentes vertentes (marco legal, exemplos de proxectos, interculturalidade, redución de estereotipos e prexuízos e aprendizaxe cooperativa). No mantemento e reprodución das desigualdades sociais inflúen, entre outros aspectos, as creencias estereotipadas, actitudes, prexuízos e representacións sociais respecto a distintos grupos (e por engadido, ás persoas que os integran), froito dun proceso de categorización social. Neste senso, a educación pode e debe funcionar como un instrumento de redución de estereotipos e prexuízos fronte a desigualdades sociais ou económicas. Propóñense distintas estratexias para conseguir ese obxectivo, facendo especial fincapé na aprendizaxe colaborativa-cooperativa en grupo, a través de diversas modalidades, como unha ferramenta eficaz neste campo.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos relacionados coa diversidade e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.			
B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas.			
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas.			
B5	Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos.			
C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador			
C5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica			
C6	Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional			
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade			
C10	Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais, mediante a utilización de narracións autobiográficas			

C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
D5	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
-Delimita o ámbito de actuación da educación compensatoria e os recursos comunitarios dispoñibles para ese efecto.	A2 B1
-Sabe analizar situacións de desvantaxe sociocultural de determinadas minorías.	B4
-Sabe planificar condicións de educación compensatoria e educación preventiva a partir de plans, programas, proxectos e casos expostos.	B5 C3
-É capaz de relacionar os contidos do máster asimilados na materia coa experiencia persoal e con situacións educativas reais.	C5 C6
-Sabe deseñar estratexias de aprendizaxe cooperativa en grupo como instrumento para reducir estereotipos, prexuízos e como medio para compensar desigualdades sociais que existan no ámbito educativo.	C7 C10 C13 D3 D5

### Contidos

Tema	
-A educación compensatoria	-A educación compensatoria: marco legal e contextualización e experiencias.
-Educación compensatoria e minoría xitana	-Condicións da educación compensatoria na minoría xitana. Educación preventiva.
-Redución de estereotipos e prexuízos na educación compensatoria a través da aprendizaxe cooperativa	-A categorización social e redución de estereotipos e prejuicios no ámbito da educación compensatoria. Técnicas. -A aprendizaxe cooperativa en grupo como ferramenta de intervención na compensación de desigualdades en educación. Métodos de intervención.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	10	0	10
Estudo de casos	8	24	32
Traballo tutelado	1	64.5	65.5
Eventos científicos	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado da materia, a presentarlle coas finalidades seguintes: transmitir os obxectivos que se perseguen; detallar os contidos que se traballarán; explicar a metodoloxía que se utilizará; finalmente, enumerar e aclarar os criterios de avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte do/ profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a estudante. Asistencia e participación do/a estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecerlo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Traballo tutelado	O/a estudante desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do/a estudante.
Eventos científicos	Participación en actividades (de módulo) relacionadas con algún tema tratado na materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación.

### Avaliación

Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	Asistencia ás exposicións dos docentes e participación nos debates de aula.	25	A2	B1 B4 B5	C3 C5 C6 C7 C10 C13	D3 D5
Estudo de casos	Resolución de casos e supostos prácticos, realizados en grupo dentro da aula.	30	A2	B1 B4 B5	C3 C5 C6 C7 C10 C13	D3 D5
Traballo tutelado	Realización dun traballo, individual, tutelado por un/unha docente.	35	A2	B1 B4 B5	C3 C5 C6 C7 C10 C13	D3 D5
Eventos científicos	Participación nunha actividade (de módulo) relacionada coa materia.	10			C3 C7 C13	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia cómpre alcanzar o 50% da puntuación nas seguintes metodoloxías de avaliación docente (lección maxistral; estudo de casos; e traballo tutelado).

Para optar ao sistema de avaliación continua o alumnado deberá asistir, polo menos, a 4 das 6 sesións previstas para esta materia.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non será obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá que realizar unha avaliación global mediante unha/s proba/s, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores/traballadores en exercicio que acrediten un horario incompatible coas clases presenciais; en todo caso, garantindo a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Para estes casos, abrírase un cartafol específico na plataforma Moovi no cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

#### Alumnado con necesidades específicas:

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

#### Datos oficiais dos exames:

As datas oficiais de exames poden consultarse na web do máster no espazo "exames".

<http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

- Rubio, M. J., Martín, A. M., y Cabrerizo, J., **Recursos para atender la diversidad en contextos educativos**, UNED, 2020
- Aguiar, N., y Breto, C., **La escuela: un lugar para aprender a vivir. Experiencias de trabajo cooperativo en el aula.**, Editorial, 2007
- Centro de investigación y documentación educativa, **Sociedade desigual, ¿educación desigual?: sobre las desigualdades en el sistema educativo español.**, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdi, 2008
- Blázquez, M., **El aprendizaje cooperativo: juntos aprendemos mejor.**, Vivelibro, 2014
- Garrido, J., **Programación de actividades para Educación especial**, 14th ed., CEPE, 2017

Furrer, S., **Comprendiendo la amenaza del estereotipo: definición, variables mediadoras y moderadoras, consecuencias y propuestas de intervención**, <http://hdl.handle.net/10481/27787>, 2, Reidoocrea, 2013

---

#### **Bibliografía Complementaria**

Woolfolk, A., **Psicología educativa**, 12th ed., Pearson, 2014

Kowalski, R. M., Giumetti, G., Schroeder, A. N., y Lattanner, M. R., **Bullying in the Digital Age: A Critical Review and Meta-Analysis of Cyberbullying Research Among Youth**, 140(4), Psychological bulletin, 2014

Carrasco, S., Villà, R., y Ponferrada, M., **Resistencias institucionales ante la mediación escolar. Una exploración en los escenarios en conflicto**, 25(1), Revista de antropología social, 2016

Galindo, E. I., y Sanahuja, A., **Mediación escolar en educación secundaria: coordinación desde el departamento de orientación**, 87, Quaderns Digitals, 2018

Munné, M., y Mac-Cragh, P., **Los 10 principios de la cultura de la mediación**, Grao, 2006

Moral, M.V., y Ovejero, A., **Identidades y contradicciones de la escuela en las condiciones posmodernas de la sociedad global.**, Biblioteca Nueva, 2001

---

#### **Recomendaciones**

##### **Materias que continúan o temario**

Interculturalismo en Contextos Escolares/O05M138V01102

Interculturalismo en Entornos Socio-educativos/O05M138V01101

---

##### **Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

Desenvolvemento Comunitario/O05M138V01104

---

#### **Outros comentarios**

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas con base en materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).